



***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
FUNDACIÓN VALLE INCLÁN, PARA OS ACTOS DE CELEBRACIÓN DO 150
ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE VALLE-INCLÁN***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa FUNDACIÓN VALLE INCLÁN, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de programacións de distintas actividades relacionadas coa obra e figura de Valle-Inclán e coa celebración do 150º aniversario do seu nacemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Valle-Inclán é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do teatro en conexión coa obra e figura de Valle-Inclán





Polo que a Fundación Valle-Inclán é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e do interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

(asinado dixitalmente)

